

O PSOE de Guitiriz denuncia “a defeita” realizada polo Concello na ponte de Requeixo ó ordear o seu arranxo sen permisos de Patrimonio e da Confederación

Regina Polín subliña que “así funcionamos. Teixido e o seu Tenente Alcalde, abusando da súa función pública, decidiron amañar esta ponte sen estar en condicións legais de poder facelo. Proba delo é que cando nós gobernabamos xa intentamos reparala, pero a Consellería non nos deixou, obrigándonos a ter que deixala como estaba”

Outro exemplo “desta chapuza” é tamén que os materiais empregados na reparación non son os recomendados dende o punto de vista técnico, o que provocou que, esta fin de semana, por mor da intensidade das choivas, a infraestrutura “se viñese literalmente abaixo”

A socialista considera que, cando se fai unha obra destas características, o primeiro que ten que pensar un Alcalde é na seguridade dos veciños, pois se no momento do derrubamento coincide que pola ponte pasa unha persoa ou un vehículo, o dano sería irreparable

Non entende como “Teixido e o Sr. Veres, coñecedores de que Guitiriz, que é o único Concello da provincia incluído na rede de entidades locais sostible, están a facer estas cousas. Están convertendo o sostible en antisostible”

A voceira municipal do PSOE de Guitiriz, Regina Polín, denuncia “a desfeita” realizada polo Alcalde e o Concelleiro de Medio Rural na ponte de Requeixo, situada entre as parroquias de Os Vilares e Buriz. Deste xeito, a socialista subliña que o Rexedor municipal e o seu Tenente Alcalde ordearon arranxar esta infraestrutura sen obter os permisos necesarios da Consellería de Patrimonio e da Confederación Hidrográfica para acometer unha actuación destas características. “Así funciona este Concello. Abusando claramente da súa función pública, decidiron amañar esta ponte sen estar en condicións legais de poder facelo”. Proba delo, asegurou Regina Polín, é que “cando nós gobernabamos xa intentamos amañala, pero Patrimonio non nos deixou, o que nos obrigou a ter que deixala como estaba”.

Así mesmo, a voceira municipal gutiricense asegura que o goberno municipal, non só incumpriu a lei neste senso, senón que tamén o fixo ó dar a autorización para cortar varias árbores no río, sen contar para elo co visto e prace da Confederación Hidrográfica, a administración que, por lei, engade a socialista, “é a encargada da administración hidráulica das cuncas fluviais”. Neste senso, asegurou que “esta é política camicace do noso Alcalde, que non só fai obras se obter os permisos, senón que decide cortar polo pé as árbores existentes no río. Ademais, o que fixo foi unha auténtica chapuza, pois esta fin de semana, a cantidade de auga acumulada, tirou coa zahorra e as pedras que colocaron, co cal a ponte veuse literalmente abaixo”.

Por este motivo, a socialista non entende como “Teixido e o Sr. Veres, coñecedores de que Guitiriz, que é o único Concello da provincia incluído na rede de entidades locais sostible, están a facer estas cousas. Están convertendo o sostible en antisostible”, destacou.

A seguridade dos veciños non lle preocupa ó Alcalde

Deste xeito, e tendo en conta que a intensidade das choivas demostrou que os materiais empregados na reparación non son os aconsellados dende o punto de vista técnico para garantir a seguridade dos usuarios, Regina Polín incide en que, “primeiro, para facer unha actuación deste tipo calquera administración ten que cumprir a lei. Segundo, cando se fai unha obra destas características, o que



Nota de prensa



Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

ten que pensar un Alcalde é na seguridade dos veciños. É dicir, todo o contrario do que fai Teixido". A este respecto, e coñecedores de que esta infraestrutura é atravesada diariamente por varias persoas e por varios vehículos, os socialistas preguntanse que pasaría se no momento en que se veu a baixo a ponte está sendo cruzada por un veciño. "Agora puxo unhas vallas para impedir o acceso. Con isto non basta, xa que o primeiro que debía pensar era en facer as cousas ben. Non se pode andar tentando á sorte porque aquí está en xogo a vida dos cidadáns", concluíu Regina Polín.

7 de novembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo